



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe A Gándara

[Versión 2.0_ setembro 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, inventario e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

| DATOS XERAIS DO CENTRO | |
|-------------------------|--|
| Denominación: | <i>CEIP Plurilingüe A Gándara</i> |
| Titularidade: | <i>Pública</i> |
| Nº código de centro: | <i>27014860</i> |
| Municipio (Localidade): | <i>Monforte de Lemos</i> |
| Provincia: | <i>Lugo</i> |
| CP: | <i>27400</i> |
| Tfno: | <i>982 870 569</i> |
| Enderezo: | <i>Avenida María Paz de Tor, s/n</i> |
| Enderezo electrónico: | <i>ceip.agandara@edu.xunta.gal</i> |
| Páxina Web: | <i>www.edu.xunta.gal/centros/ceipagandara/</i> |

| PERSOAL DOCENTE | | PERSOAL NON DOCENTE | |
|--|---|---------------------|------------|
| <i>Educación Infantil</i> | 4 | Conserxe | 1 |
| <i>Educación Primaria</i> | 6 | Limpadora | 1 |
| <i>Especialistas (LI- LF- LP- Música-)</i> | 4 | Coidadoras | 2 |
| <i>Relixión</i> | 1 | Cociña | 3 |
| <i>Orientación</i> | 5 | | |
| ALUMNADO CURSO 2021-2022 | | | 208 |

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

- **Descrición da finca na que se atopa o centro**

O CEIP A Gándara atópase situado na Avenida Maria Paz de Tor, en Monforte de Lemos. Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de "centro de carácter periférico", é dicir, está situado nunha área escolar da cidade próximo á zona rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar que residía na zona rural e periférica a cidade. Na actualidade a maioría do alumnado é de procedencia urbana aínda que segue a recoller a poboación rural.

- **O centro**

Trátase dun centro público financiado de xeito exclusivo pola Consellería de Educación.

- ***Plans e proxectos.***

Para establecer unha liña metodolóxica o CEIP Plurilingüe A Gándara desenvolve os seguintes proxectos: o Proxecto Educativo (art. 121), o Proxecto de xestión dos centros públicos (art. 123), as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (Art. 124) e a Programación Xeral Anual (art. 125), recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE. 04/05/06), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE. 3012.20). Participa tamén no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) neste curso 2021-2022 cun grupo de traballo para a elaboración do Plan Dixital, outro centrado no Desenvolvemento Neuromotor do Alumnado de Educación Infantil, outro co foco no Desenvolvemento Emocional da Comunidade Educativa do centro, outro especializado no proxecto Escola Imaxinada e, por último, outro co título Persoas que conectan con Persoas, no que poñemos en contacto ao noso alumnado con alumnado tanzano .

- ***Contribución do plan dixital ao proxecto educativo e á programación xeral anual do curso 22/23.***

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

A contribución do Plan Dixital ao PE e á PXA debemos velo desde a perspectiva de como pode reforzar este plan o emprego axeitado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa.

A competencia dixital é unha das competencias clave nas que é preciso traballar co alumnado ao longo do seu paso global.

Pola súa parte na PXA vemos obxectivos directamente afectados pola dixitalización, tanto do centro como da sociedade.

A finalidade deste centro é facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social do alumnado. Os obxectivos son os que seguen a continuación:

1. Afianzar e desenvolver as capacidades do alumnado, nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos, morais, cívicos e de inserción social, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
2. Preparar a tódolos alumnos de xeito que, dentro das súas capacidades, poidan acadar o máximo grao de autonomía e desenvolvemento persoal.
3. Experimentar, como vehículo de desenvolvemento e superación persoal. Así, xunto coas actividades escolares propias da aula, teñen unha grande importancia os obradoiros, pois estimulan a motricidade, creatividade, curiosidade, etc.
4. Potenciar hábitos vinculados coa saúde corporal, a seguridade persoal e o equilibrio afectivo, para desenvolver a súa vida co maior benestar posible.
5. Poñer ao alumnado en contacto co mundo no que se deben integrar, propiciando a súa participación en todo tipo de actividades que nos ofrece a sociedade na que estamos mergullados.

O plan de dixitalización fará seu estes obxectivos, pero concretándoos no mundo virtual, outorgándolle moita importancia ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado, obxectivo para o que o plan de dixitalización vólvese imprescindible; sobre todo en canto ao profesorado, porque debemos ser nós os modelos que guíen ao alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O 30 de setembro de 2020, lanzábase o Plan de Acción Dixital 2021-2027 da Comisión Europea, centrado na necesidade de abordar desde a educación os rápidos cambios xerados polo proceso de transformación dixital da sociedade. Nos últimos anos, estase producindo una revolución dixital en todos os ámbitos da sociedade, con desafíos e oportunidades.

Esta revolución esixe de cambios e adaptacións ao mundo educativo. A educación debe dar resposta ás demandas dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por iso, é necesario poñer o foco no desenvolvemento das competencias dixitais do profesorado e do alumnado (e do propio centro educativo) para poder participar dunha maneira satisfactoria nestes contextos dixitalizados.

Os centros educativos deben adaptar as súas estratexias para impulsar a innovación educativa e aproveitar o potencial das tecnoloxías dixitais para non quedarse atrás neste proceso de transformación dixital.

As institucións impulsan este cambio a través da seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
 - Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
 - Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital no curso 2021/2022, formouse un equipo de dinamización composto pola totalidade do claustro.

Este equipo de dinamización creou un seminario xunto co CFR de Monforte de Lemos para ser asesorados e mediante o cal con docencia e traballo grupal se elaboraría o Plan Dixital.

Máis tarde as institución implantaron uns equipos de traballo para asesorar, guiar e impulsar este Plan Dixital, son os chamados ADIX. O noso centro quedou encadrado no "ADIX_LU_2".

Este grupo ADIX creou unha aula virtual desde a que actuaron como asesores e a que asistiu ao coordinador como alumno e facer de ponte de comunicación co seminario.

Os pasos para a elaboración final do Plan Dixital:

- Realización do SELFIE.
- Realización do Test de Competencia Dixital Docente.
- Elaboración do DAFO
- Elaboración do Plan de Acción
- Elaboración do Plan Dixital.

1. **Plan de Acción. Liñas estratéxicas.**

As liñas estratéxicas para a configuración do Plan de Acción do CEIP A Gándara (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

- A) Infraestrutura e equipamentos.
- B) Desenvolvemento profesional continuo.
- C) Competencia dixital do alumnado

2. **Situación de partida**

2.1. **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

O CEIP Plurilingüe A Gándara consta dun único edificio, dentro do cal, atópanse todos os recursos dixitais que están a disposición dos membros do equipo directivo, profesorado e do alumnado.

- **Conexión Wifi.** O colexio dispón de conexión Wifi en todos os espazos (escolas conectadas), o ancho de banda do centro é suficient, pero non o suficientemente estable.

- **Conexión por cable:** só está cableada a planta baixa e o despacho de orientación no segundo andar.

Como aspectos negativos e que debemos mellorar, destacar: mal funcionamento de proxectores e baixa definición dos encerados dixitais.

| Inventario dos recursos | |
|-------------------------|---|
| AULA | RECURSOS |
| 3 ANOS | Proxector: Epson Emp83-h (XUGA 2008) (ok) Portátil: Asus X551 c (ok) |
| 4 ANOS A | Proxector: Epson Emp83-h (XUGA 2008) (ok) Portátil: Asus X551 c (ok) |
| 4 ANOS B | Proxector: Hitachi CP-Aw2519N (ok) Portátil: HP Probook 4520s |

| | |
|----------------------|---|
| 5 ANOS | Proxector: Epson EB-X20 (XUGA 2014) (ok) Portátil: Asus X551 c (ok) |
| 1º PRIMARIA | Proxector: Epson Emp83-h (XUGA 2008) (ok) Portátil: Asus X551 c (ok) |
| 2º PRIMARIA A | Proxector: Hitachi CP-CX301WN Portátil: Toshiba Satellite L-500245 |
| 2º PRIMARIA B | Proxector: Hitachi IPJ-AW250J Portátil: Samsung RV510 (regular) |
| 3º PRIMARIA | Proxector: Epson EB460 (cambio de lámpara en breve) Ordenador de mesa. Pizarra Digital SmartBoard |
| 4º PRIMARIA A | Proxector: Epson Emp83-h (XUGA 2008) (ok) Portátil: HP Probook 4530s Pizarra Digital SmartBoard |
| 4º PRIMARIA B | Proxector: Hitachi iPJ-Aw250N (ok) Portátil: Acer Travel Mate i3 2310 (ok) Portátil alumnado: Asus X551 c (regular) |
| 5º PRIMARIA | Proxector: Epson EP404W Portátil: HP Probook 4520s Pizarra Digital SmartBoard |
| 6º PRIMARIA | Proxector: Epson EP440W Portátil: HP Probook 4530s Pizarra Digital SmartBoard |
| CAOS | Proxector: Epson emp 1715 39204 (ok) |
| AULA PT 1 | Portátil: HP 250 g6 notebook pc (lento) |
| AULA PT 2 | Portátil: HP 250 g6 notebook pc (lento) |
| AULA PT 3 | Portátil: HP 630 (ok) Proxector: Epson emp 1715 39204 (ok) Pizarra IQ board (ok) |
| AULA AL | Proxector: Epson EB-X20 (XUGA 2014) (ok) |
| AULA RELI | Portátil: Lenovo B570 e (ok) Proxector: Optoma DS 211 Pizarra Hitachi StarBoard FX-Trio-77e |

| | |
|------------------------------------|---|
| AULA ORIENTACIÓN | <p>Proxector: Epson Ebx20 (Xuga 2014) (ok) Portátil: HP 15 da0030ns (ok) Pizarra iq Board (Xuga 2014) (ok)</p> |
| IMPRESORAS DE CENTRO | <p>Brother mfc 8860DN (orientador) funciona pero muy antigua Ricoh mp2501 sp sala profes xuga 2015 (da problemas constantemente) Konica Minolta bizhub 223 dirección (ok) Konica Minolta bizhub c250i conserxería (ok)</p> |
| ORDENADORES SALA DE MESTRES | <p>TORRES: 1 FUJITSU ESPRIMO P400 3 HP Pro desk Xuga 2014</p> |
| MATERIAL MÓBIL | <p>12 portátiles Lenovo Yoga 11e (Xunta) 10 portátiles Acer Travel Mate B (Xunta)</p> |

Os contidos da páxina web (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagandara/>) actualízanse frecuentemente e son xestionados polos coordinadores de cada un dos equipos do centro.

Soporte e Mantemento.

O soporte, mantemento e actualización dos equipos informáticos corre a cargo dunha empresa externa (solicítase a intervención da mesma a través da persoa que exerce a función de coordinación do Equipo TIC do centro) e/ ou a través da UAC.

Seguridade.

Respecto ao tema de seguridade, e distinguindo entre seguridade física e seguridade lóxica, o colexio conta co servizo de protección de Amtega (Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia), xa que todos os servizos están conectados a través da rede da Xunta de Galicia.

Existe un SAI que serve de alimentación ao servidor do centro. A través deste servidor contrólanse todas as conexións a Internet a través de DHCP o cal implica que todas as saídas e entradas a Internet realízanse a través do mesmo, e por conseguinte Amtega pode realizar unha auditoría en caso necesario. As copias de seguridade realízanse directamente por Amtega.

Análise dos recursos do alumnado do centro educativo.

Os recursos do alumnado e as súas familias así como a conectividade é o uso do teléfono móbil como dispositivo, recoñecendo que lles sería imposible ou con moitísimas dificultades para o seguimento das clases online por non dispor de medios e formación.

Análise da situación actual.

A situación actual destacamos aspectos positivos e negativos:

- ***Aspectos positivos***
 - Concienciación da necesidade da implantación de ferramentas dixitais para o entorno educativo.
 - Mellora das competencias dixitais do profesorado e do alumnado.
- ***Aspectos negativos***
 - Necesidade para o equipo directivo, profesorado e alumnado de formación con ferramentas dixitais.
 - Falta de recursos para o alumnado e profesorado (portátiles actuais e paneis dixitais) nas distintas dependencias (aulas docentes).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE**

| DEBILIDADES OU AMEAZAS POR ÁMBITOS (SELFIE) | | |
|--|--|-----|
| A. LIDERAZGO | | |
| A.1 | Non existe estratexia dixital no centro | 2.2 |
| A.2 | O equipo directivo involucra ao profesorado en el desenvolvemento da estratexia dixital del centro | 2.2 |
| A.4 | O profesorado no dispón de tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais | 2.6 |
| B. COLABORACIÓN E REDES | | |
| B.1 | No se avalían os progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais | 2 |
| B.2 | Non existe debate entre profesorado e alumnado sobre pros e contras do uso das tecnoloxías dixitais no ensino | |
| B.3 | Non se usan as tecnoloxías dixitais para colaborar coas outras organizacións. | |
| B.4 | Non se colabora con outras organizacións ou centros para apoiar o uso das tecnoloxías | 1.9 |
| C. INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS | | |
| C.1 | A infraestrutura dixital non favorece o ensino - aprendizaxe con tecnoloxías dixitais | 2.4 |
| C.2 | Falta de dispositivos dixitais para o labor docente | |
| C.9 | Falta de dispositivos dixitais para o alumnado | |
| C.10 | Non hai dispositivos portátiles que os alumnos poden levar a casa cando sexa preciso. | 2.8 |
| C.11 | No hai un plan para axudar aos profesores a identificar e afrontar os desafíos que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos alumnos e o seu contexto socioeconómico. | 2.8 |
| C.12 | Non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar los desafíos que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos alumnos e o seu contexto socioeconómico. | 2.4 |
| C.13 | Non se contempla que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e utilizaralos durante as clases | |
| C.14 | Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais | 2 |
| C.15 | O alumnado con NEE non ten acceso a tecnoloxías asistenciais | 2.3 |
| C.16 | Non existen repositorios ou bibliotecas en liña con materiais de e-a | 2.6 |
| D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO | | |
| | Non se reflicten debilidades nesta ámbito | |
| E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS | | |
| E.3 | Non se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado | 2 |
| F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA | | |
| F.1 | Non se usan as TD para adaptar os métodos ás necesidades individuais do alumnado | 3 |
| F.3 | Non se empregan as TD para fomentar a creatividade do alumnado | 2.3 |
| F.6 | Non se levan a cabo proxectos interdisciplinares utilizando TD | 1.8 |
| G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN | | |
| G.1 | Non se usan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado | 1.7 |
| G.3 | Non se usan as tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada al alumnado | 1.6 |
| G.5 | Non se usan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe | 1.8 |
| G.6 | Non se usan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado observe o traballo dos seus compañeiros | 1.1 |
| G.7 | Non se promove polo equipo directivo o uso das tecnoloxías dixitais con fins de avaliación | 2.3 |
| G.8 | Non se facilita ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe | 1.4 |
| G.9 | Non se usan datos dixitais sobre alumnos concretos para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe | 1.8 |
| G.10 | O profesorado non valora as habilidades dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo | 1.9 |
| H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO | | |
| H.1 | O alumnado non aprende a actuar de xeito seguro en internet | 2.8 |
| H.3 | O alumnado non aprende a actuar de xeito responsable en internet | 3 |

| | | |
|--|---|--------------------|
| H.4 | O alumnado non aprende a comprobar si a información que atopa en internet é fiable e precisa | 3.1 |
| H.6 | O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet | |
| H.7 | O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais | 1.8 |
| H.8 | O alumnado non aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais | 2.3 |
| H.10 | El equipo directivo no se asegura de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias | |
| H.11 | O alumnado non aprende a codificar ou programar nin a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais | 2.5 |
| H.13 | O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais | 2 |
| PREGUNTAS DO CENTRO | | |
| | Participo en actividades formativas da Administración para a actualización das competencias dixitais | |
| | As modalidades de formación non se axustan ás necesidades do profesorado | |
| | O alumnado descoñece vantaxes do emprego de software libre | 3.6 |
| | No centro hai equipamento informática mercado polo propio centro | 4 |
| FACTORES QUE LIMITAN O USO DA TECNOLOXÍA | | |
| | Equipo dixital insuficiente | 100% 77% |
| | Conexión a internet pouco fiable ou lenta | 100% 66.7% % |
| | Apoio técnico limitado ou inexistente | 100% 55% |
| | Falta de tempo dos docentes para formarse en TD para o ensino | 100% 89% |
| | Profesorado con competencias dixitais insuficientes | 100% 77.8% % |
| FACTORES NEGATIVOS PARA A APRENDIZAXE MIXTA | | |
| | Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais | |
| | Acceso limitado do alumnado a conexión a internet no fogar | |
| | Baixa competencia dixital das familias | |
| | Falta de tempo para desenvolver material para a aprendizaxe mixta | 100% 78% |
| FACTORES POSITIVOS PARA A APRENDIZAXE MIXTA | | |
| non | O centro ten experiencia en uso de contornos de aprendizaxe | 00% |
| non | O centro ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados | 0% |
| non | O centro ten política de “BYOD trae tu propio dispositivo” | 0% |
| non | O profesorado participa en redes profesionais | 11% |
| non | O profesorado participa en programas de desenvolvemento profesional | 11% |
| non | O profesorado colabora no centro para o uso da tecnoloxía | 50% 11% |
| non | O centro educativo ten estratexia dixital | 32% |
| non | O centro ten comunicación regular ben organizada | 44.4% % |
| UTILIDADE DAS ACTIVIDADES DE DPC | | |
| | | |
| SEGURIDADE AO USAR A TECNOLOXÍA | | |
| | Dúbdidas por parte do profesorado á hora de retroalimentar e dar apoio con TD ao alumnado | 2.4 |
| USO DA TECNOLOXÍA POLO ALUMNADO | | |
| | Pouco uso da tecnoloxía no centro e fóra non se usa para a aprendizaxe. | |

- **Test CDD**

2. Resultados

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| CENTRO | 81,1 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 81,1 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| Inf. | 64,5 | Explorador/a (A2) | 66,2 | Integrador/a (B1) |
| Pri. | 93,6 | Integrador/a (B1) | 77,3 | Integrador/a (B1) |

Na etapa de Inf.:

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 64,5 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Explorador/a (A2).

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------------------|---|---|
| Explorador/a (A2) | 8 | 50% |
| Integrador/a (B1) | 3 | 18,8% |
| Experto/a (B2) | 2 | 12,5% |
| Líder (C1) | 2 | 12,5% |
| Pioneiro/a (C2) | 1 | 6,3% |
| TOTAL | 16 | 100,1 % |

Dos 16 docentes do seu centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 8 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 50,0%.
- 3 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 18,8%.

2.4. Puntuación e nivel de competencia do centro por competencias

| | Puntuación | Puntuación total da área | Puntuación media sobre 10 |
|---|------------|--------------------------|---------------------------|
| 1. Compromiso profesional | 25,6 | 54 | 4,7 |
| 2. Recursos dixitais | 14,9 | 30 | 5 |
| 3. Ensino e aprendizaxe | 12,1 | 30 | 4 |
| 4. Avaliación | 7,1 | 18 | 3,9 |
| 5. Capacitación do alumnado | 9,4 | 24 | 3,9 |
| 6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado | 11,9 | 36 | 3,3 |
| Total | 81 | 192 | 4 |

Na competencia 1. Compromiso profesional: A puntuación do seu centro foi de 4,7.

2.5. Distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencia

| | Principiante (A1) | Explorador/a (A2) | Integrador/a (B1) | Experto/a (B2) | Líder (C1) | Pioneiro/a (C2) | Total |
|---|-------------------|-------------------|-------------------|----------------|------------|-----------------|-------|
| 1. Compromiso profesional | 62,5% | 37,5% | 0% | 0% | 0% | 0% | 100% |
| 2. Recursos dixitais | 100% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% | 100% |
| 3. Ensino e aprendizaxe | 100% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% | 100% |
| 4. Avaliación | 100% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% | 100% |
| 5. Capacitación do alumnado | 100% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% | 100% |
| 6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado | 100% | 0% | 0% | 0% | 0% | 0% | 100% |

O 62,5% do profesorado ten un nivel competencial Principiante (A1) na 1. Compromiso profesional

2.3. Análise DAFO

| | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|-------------------|------------------------------------|---|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <p>1. Facilitase acceso a internet para a labor docente (C.3)</p> | <p>1. Non existen sistemas de protección de datos (C7) 2. Non hai portátiles que o alumnado poida levar a casa cando o precise (C.10) 3. Non existen repositorios nin bibliotecas en liña con material para o e-a (C.16) 4. Equipamento dixital insuficiente 5. Non se usan suficientemente os repositorios ou bibliotecas en liña co material de ensino- aprendizaxe 6. No centro existen dispositivos informáticos adquiridos polo centro.</p> |
| | PERSOAL DOCENTE | <p>1. Debátese sobre os pros e contras do e-a con TD (B.2) 2. Reflexiónase sobre o desenvolvemento profesional continuo (DPC) relacionado co ensino usando TD (D.1) 3. Posibilidade e acceso ao DPC sobre e con TD (D.2) 4. Búscanse recursos dixitais en internet (E.1) 5. Créanse recursos dixitais para o ensino e o reforzo (E.2) 6. Úsanse TD para comunicación relativa ao centro educativo (E.4) 7. Emprego de TD para adaptar os métodos de</p> | <p>1. Non se usan a TD para avaliar as habilidades do alumnado (G.1) 2. Non se usan as TD para a retroalimentación do alumnado (G.3) 3. Non se usan as TD para colaborar con outras organizacións 4. Docentes con competencia dixital insuficiente 5. Non teñen seguridade no uso das TD para preparar e impartir as clases nin para retroalimentar nin apoiar ao alumnado 6. Os docentes non participan en redes profesionais</p> |

| | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|--|-----------------------------|--|---|
| | | <p>ensino ás necesidades do alumnado (F.1)</p> <p>8. Seguridade no uso das TD nas comunicacións</p> | |
| | PERSOAL NON DO-CENTE | <p>1. Os docentes consideran importante o DPC de forma presencial, en liña e a través de colaboracións</p> | |
| | ALUMNADO | <p>1. O alumnado non aprende comunicarse usando TD (H.8)</p> | <p>2. O equipo directivo non se asegura de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias (H.10)</p> <p>3. Alumnado con competencias dixitais insuficientes (aprendizaxe mixta)</p> <p>4. Alumnado con acceso limitado a dispositivos dixitais (ap mixta)</p> <p>5. Alumnado con acceso limitado a conexión a internet no fogar (ap mixta)</p> |

| | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|--|------------------------|---|---|
| | FAMILIAS | | 1. Baixa competencia dixital das familias (ap mixta) |
| | OFERTA | <p>1. O equipo directivo apoia en novas modalidades de aprendizaxe con TD (A3).</p> <p>2. A formación da Administración educativa axústase ás necesidades dos docentes.</p> | |
| | ORGANIZACIÓN DE CENTRO | <p>1. O centro emprega servizos corporativos para difundir información.</p> <p>2. O centro informa das actividades do alumnado a través de TD.</p> | <p>1. Non existe estratexia dixital no centro (A1)</p> <p>2. Os docentes caracen de tempo para explorar métodos de ensino con TD (A2)</p> <p>3. Non existe asistencia técnica cando xorden problemas (C5)</p> <p>7. Falta de tempo para crear material para a aprendizaxe mixta</p> <p>8. Falta de experiencia no uso de contornas de aprendizaxe</p> |

| | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|--|---------------|---------|
| | | |

| | | | |
|-------------------|---------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <ol style="list-style-type: none"> 1. Aposta da administración por un cambio no ensino da man das TD. 2. Facilidade na dotación de recursos técnicos, polas súas características. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Poucos docentes para levar a cabo o traballo. 2. Moita burocracia no proceso de implementación das TD. 3. Non promoción dos xeitos de dixitalizar o ensino co alumnado de Educación Especial. |
| | LEXISLACIÓN | <ol style="list-style-type: none"> 1. Respéctanse os dereitos de autor e as licenzas de uso (A.5) 2. O equipo directivo coñece a lexislación sobre adquisición de dispositivos. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Demasiada lexislación no ámbito educativo. 2. Moi cambiante. |
| | ANPA | <ol style="list-style-type: none"> 1. Grupo reducido e contacto estreito. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de implicación no día a día do centro. |
| | CONTORNA | <ol style="list-style-type: none"> 1. Contorna natural onde poder aplicar a tecnoloxía. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Obrigatoriedade de desprazamentos para realizar calquera actividade fóra do centro. |
| | OUTRAS ENTIDADES | <ol style="list-style-type: none"> 1. Colaboración frutífera con entidades sociais sen ánimo de lucro. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de colaboración intercentros para compartir experiencias. |

3. Plan de Acción:

As liñas estratéxicas para a configuración do Plan de Acción do CEIP Plurilingüe A Gándara (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

- A) Infraestrutura e equipamentos.
- B) Desenvolvemento profesional continuo.
- C) Competencia dixital do alumnado

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

- **Obxectivo xeral.**

O obxectivo xeral do Plan Dixital de Centro é "Elaborar un plan marco para consolidar o Plan Dixital no noso centro logrando a máxima integración das TIC nos procesos de ensino- aprendizaxe e na organización do centro".

- **Obxectivos específicos, indicadores e accións (táboas na páxina seguinte):**

Partindo do mapa integral diagnóstico realizado no noso centro, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

- Formación no emprego de paneis dixitais para ANEE. Sendo o indicador a totalidade do equipo docente formado. Solicitando á administración educativa de formación específica no modelo de paneis que subministren.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades que se presentan como prioritarias son a renovación do equipamento de aula para os mestres

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Competencia dixital do profesorado no uso de TD | | | | | | |
|--|---|------------------------------|---|--|--------------------|---|
| 1. OBXECTIVO (1): | Facer accesible a TD ao profesorado | | | Acadado | | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | Non acadado | | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | O profesorado usa con confianza e autonomía o equipamento dixital da súa aula | | | | | |
| Valor de partida (3) | O profesorado non emprega os equipamentos dixitais da aula pola dificultade que supón o seu uso e o alto rango de erros que se producen ao querer empregalos. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | O profesorado usa con autonomía e regularidade o equipamento dixital da aula | | 22-06-2023 | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A01.1: Recoller as propostas do profesorado sobre necesidades de equipamento nas aulas | Equipo TIC | 08/10/2022 | Enquisa Google | Todo o equipo docente foi preguntado por este aspecto recollendo valoracións. Peticións e necesidades. | Realizada | x |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.2: Recoller e dar coherencia as propostas recibidas e establecer as necesidades reais do conxunto. | Coordinadora Plan Dixital | 11/10/2022 | Procesador de textos | Houbo unha posta en común co resto do equipo TIC, directivo e coordinador ADIX sobre as demandas e necesidades. | Realizada | x |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.3: Definir as compras necesarias a realizar en función do equipamento dixital xa dispoñible e as necesidades establecidas polo conxunto do claustro | Coordinadora Plan Dixital | 11/10/2022 | Documento aprobado en claustro Catálogo material dixital | Aínda que se definiron as necesidades, isto é un proceso continuo que é preciso revisar porque xorden necesidades con maior ou menor frecuencia. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | x |
| | | | | | Pendente | |

ACCIONES A DESENVOLVER

| DESCRIPCIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
|--|--|---|--|--|-------------|---|
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.4: Dotar o centro do material dixital escollido polo claustro para traballar na aula | Equipo Directivo | En función das disposición da Consellería | Plan de gastos Dotación económica da Consellería | Segundo a información da que dispoñemos os equipos están autorizados, pero a súa instalación vai a ser paulatina. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | x |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.5: Acompañar ao profesorado no uso da TD escollida para traballar na aula | Equipo TIC Equipo Directivo Claustro | 22/06/2023 | Equipamento dixital en aula Sesións "Mestres axudando a Mestres" | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | x |
| AO1.6: Crear un banco de recursos dixitais a partir da selección destes que o profesorado empregue ao longo do curso | Equipo TIC Equipo Directivo Claustro | 22/06/2023 | Equipos dixitais Software Sesións "Mestres axudando a Mestres" | Aínda que se fixo un recompilación do material dispoñible no centro para o uso dos docentes e o alumnado, queda pendente incluír recursos en rede. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | x |

4. Avaliación do Plan:

- **Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan: Instrumentos de diagnóstico estandarizados a utilizar.**

Para poder alcanzar os resultados propostos no Plan Dixital de Centro vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá ver se os obxectivos expostos son os axeitados e se as medidas propostas son as correctas para lograr os obxectivos planificados podendo realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación dos membros, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valorarán os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo iso, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- a) Revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- b) Avaliación das actividades propostas: diagnóstico inicial, desenvolvemento e conclusións.
- c) Reunión de seguimento cos axentes implicados.
- d) Memoria anual do Plan Dixital de Centro.

O plan revisarase dúas veces o ano e elaborarse un informe para a memoria final e propoñeranse os cambios que se consideren oportunos.

- **Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan: Instrumentos de diagnóstico estandarizados a empregar.**

Para avaliar a eficacia do plan utilizaremos os indicadores de avaliación incluídos en cada unha das accións tendo en conta o diagnóstico inicial realizado despois das probas SELFIE e CDD.

Nos prazos correspondentes utilizaranse sistemas propios para realizar o diagnóstico da competencia dixital docente (CDD), así como a ferramenta SELFIE.

5. Difusión do plan

- **Revisión e modificación.**

O presente Plan Dixital de Centro é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro. Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptalo as novas circunstancias ou a modificacións legislativas. Estará sempre supeditado á lexislación vixente e terá unha vixencia anual, sendo susceptible de perfeccionamento ou mellora se hai un cambio da normativa legal na que se fundamenta.

- **Publicación e divulgación.**

O CEIP Plurilingüe A Gándara publicará e divulgará este documento por diferentes medios a toda a comunidade educativa.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo polas seguintes canles:

- Depósito de copias na Dirección e Secretaría a disposición de calquera interesado/a que forme parte da comunidade educativa ou algún outro, segundo o criterio da Dirección do centro.
- Publicación na páxina web do centro.